

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025268	IES As Telleiras	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Cultura clásica	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

O IES As Telleiras está situado en Narón, un concello da provincia da Coruña situado entre a ría de Ferrol e o océano Atlántico e pertencente á comarca de Ferrol, sendo na actualidade a área de expansión urbana máis importante da comarca; ten unha superficie de 66,91 km cadrados e limita cos concellos de Ferrol, Valdoviño, San Sadurniño e Neda. Segundo o INE en 2022 tiña 38.938 habitantes o que a converte na oitava vila de Galicia sendo o cuarto núcleo de poboación na provincia da Coruña despois da Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol. O aumento moderado da poboación nos últimos anos e o mantemento deste nivel de crecemento está ligado á creación de infraestruturas propias no concello, servizos, autoestrada, polígonos industriais e ordenamento urbanístico.

Trátase dun concello mixto, con sete parroquias (Castro, Doso, Pedroso, San Xiao de Narón, Sedes, Trasancos e O Val) eminentemente rurais nas que viven menos da cuarta parte da poboación e cun núcleo urbano de máis de 29.000 habitantes formado polos barrios da Gándara, A Solaina, O Alto do Castiñeiro, Piñeiros, O Couto, Freixeiro e Xuvia, destacando pola súa poboación as catro primeiras.

O IES As Telleiras é un centro público de ensino dependente da Xunta de Galicia onde se imparten os niveis de ESO e Bacharelato na quenda de diúrno.

Con respecto ao alumnado, este ten unha procedencia heteroxénea, reflexo do concello onde se atopa; a maior parte do alumnado que temos no centro é de procedencia galega, e hai escasa incidencia de alumnado doutras etnias e doutras nacionalidades.

O centro atópase na estrada de Cedeira, afastado do núcleo de poboación e sen moito transporte público, o que dificulta o acceso da comunidade educativa ás súas instalacións fóra do horario lectivo. Este feito inflúe negativamente na participación na vida do centro por parte do alumnado, pois sempre será preciso que sexan transportados polas súas familias se queren participar nalgunha actividade que se faga pola tarde.

A través de Cultura Clásica na ESO preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e a análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para os cidadáns e as cidadás de Europa. Cómpre iniciar ao noso alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os que son diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural da humanidade.

Non se debe esquecer que as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais, tanto nas artes plásticas como na literatura; un dos obxectivos principais da materia é a constatación do mantemento das súas pegadas na actualidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xeografía de Grecia e do Imperio Romano	Marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia. Localización nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	9	5	X		
2	Historia de Grecia e do Imperio Romano	Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. Presenza de Grecia e Roma na Península	9	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Historia de Grecia e do Imperio Romano	Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.	9	14	X		
3	Mitoloxía grecorromana	Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Pervivencia da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. Relixión romana: culto público e privado. Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	10	10	X	X	X
4	Arte grecorromana	Fundamentos e etapas da arte clásica. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. Presenza da civilización grecolatina nas artes.	10	10	X	X	X
5	Política	Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. Presenza da civilización grecolatina na organización política actual.	8	8	X		
6	Sociedade	Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. Presenza da civilización grecolatina na organización social actual.	8	8		X	
7	Espectáculos públicos	Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.	8	8			X
8	Familias lingüísticas	As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. As linguas romances.	8	8		X	
9	Escritura	Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.	8	8		X	
10	Helenismos e latinismos	Composición e derivación culta de orixe grega e latina. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica.	8	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Helenismos e latinismos	Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.	8	8			X
11	Literatura	Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.	8	8			X
12	Fraseoloxía en grego e latín	Fórmulas básicas de saúde en latín e/ou grego, e fraseoloxía básica do mundo escolar.	6	10	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Xeografía de Grecia e do Imperio Romano	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Describe axeitadamente en formato papel ou en liña a maioría das localizacións propostas.	PE	80
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Localiza en mapas en formato papel ou en liña as localizacións propostas.		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopa e identifica elementos da presenza clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.

UD	Título da UD	Duración
2	Historia de Grecia e do Imperio Romano	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Identifica e relaciona en orde cronolóxica cada unha das etapas históricas e coñecer, cando menos, algunha característica identificativa.	PE	80
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Identifica e recoñece algunhas características, persoeiros, feitos históricos, etc. e sabe elaborar un eixe cronolóxico coas datas propostas.		
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Coñece e identifica algunha das características propostas da romanización.		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopa elementos da presenza clásica na contorna e no país a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.

UD	Título da UD	Duración
3	Mitoloxía grecorromana	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Identifica as principais divindades grecorromanas co seu nome, os seus atributos, a súa área de influencia e relacións entre eles e elas.	PE	70
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Recoñece, cando menos, máis da metade dos mitos e heroes propostos, atopando semellanzas con outras mitoloxías.		
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	O alumnado deberá atopar algunha semellanza e conexión entre a relixión grega e as actuais.		
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Describe e distingue os indicadores que diferenzan o culto público do privado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopa elementos da mitoloxía clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	30
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Atopa elementos da mitoloxía clásica nas manifestacións artísticas actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopa elementos da presenza clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. - Relixión romana: culto público e privado. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
4	Arte grecorromana	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Distingue algunhas características da arte clásica e relaciónaa con obras artísticas actuais.	PE	75
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Identifica en edificios singulares características da arquitectura grecorromana.		
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñece e identifica características da escultura grecorromana en obras representativas.		
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Localiza algunha das construcións clásicas que se conservan en España e no resto de Europa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Atopa elementos da mitoloxía clásica nas manifestacións artísticas actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopa elementos da civilización clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Recoñece e identifica características do urbanismo romano especialmente na actualidade.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopa elementos da presenza clásica nas manifestacións artísticas actuais e na sociedade e política a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos e etapas da arte clásica. - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
5	Política	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Identifica características da organización política grecorromana e establecer a súas semellanzas e diferenzas cos sistemas políticos actuais.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopa elementos dos sistemas políticos clásicos na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	50
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopa elementos da presenza clásica nos sistemas políticos actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
6	Sociedade	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Distingue e clasifica características das clases sociais en textos propostos.	PE	60
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Coñece os membros da familia e describe o papel que desempeñan.		
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	O alumnado deberá demostrar que coñece algúns dos trazos máis salientables da vida cotiá grecorromana.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopa elementos da sociedade clásica nas artes e sociedades actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	40
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopa elementos da civiiazción clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. - A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. - Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.

Contidos	
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.	

UD	Título da UD	Duración
7	Espectáculos públicos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Identifica e compara algunha das formas de lecer da antigüidade clásica co mundo actual.	PE	40
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Identifica e compara algunha das manifestacións deportivas da antigüidade clásica co mundo actual.	TI	60
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopa elementos do lecer e o deporte do mundo clásico na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
- Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.	
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.	

UD	Título da UD	Duración
8	Familias lingüísticas	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	O alumnado deberá identificar, distinguir, recoñecer e relacionar algunhas das linguas europeas e as súas familias.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
- As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.	
- As linguas romances.	

UD	Título da UD	Duración
9	Escritura	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	O alumnado deberá distinguir, comprender e recoñecer os sistemas de escritura propostos e os seus elementos gregos e latinos.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. - Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.

UD	Título da UD	Duración
10	Helenismos e latinismos	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	O alumnado deberá distinguir e identificar termos cultos e patrimoniais e os fenómenos fonéticos da súa evolución.	PE	80
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	O alumnado deberá utilizar con propiedade a terminoloxía proposta en textos escritos.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopa elementos da presenza de latinismos e helenismos na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Composición e derivación culta de orixe grega e latina. - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica.

Contidos

- Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
11	Literatura	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	O alumnado deberá identificar e relacionar as características dos xéneros literarios grecolatinos en textos propostos.	PE	75
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopa elementos da presenza da literatura clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
12	Fraseoloxía en grego e latín	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	O alumnado deberá usar correctamente as fórmulas de saúdo e o léxico básico da aula.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Dado o carácter optativo da materia de Cultura Clásica en 3º ESO e o abano de contidos que abarca, tentaremos dende o primeiro momento potenciar a motivación, participación e creatividade do alumnado no desenvolvemento das clases e das actividades que se leven a cabo; pensamos que non só é posible senón moi conveniente a súa participación activa nas clases realizando e corrixindo exercicios, expoñendo traballos de xeito individual o colectivo, lendo e analizando textos ou debatendo sobre temas traballados. Os alumnos deben ser protagonistas da súa propia aprendizaxe coa axuda da profesora que en todo momento guiará e mediará nese proceso para que eles mesmos relacionen os novos coñecementos cos seus coñecementos previos; esta aprendizaxe debe ser á vez funcional, é dicir, haberá que presentar os contidos da Cultura Clásica non nun contexto illado, senón articulado e relacionado coa realidade cotiá e cos contidos doutras materias. Deste xeito a Cultura Clásica posibilitará aos alumnos unha maior competencia lingüística nas súas propias linguas e un acceso máis doado a outras linguas modernas.

As actividades propostas aos alumnos serán tanto individuais como grupais; as actividades en grupo favorecen o intercambio de información, o contraste de puntos de vista e as actitudes de cooperación entre todos. Con este obxectivo programáronse actividades consistentes en sinxelos proxectos de busca, selección, procedemento e intercambio de información utilizando as tecnoloxías axeitadas.

O programa da materia vertébrase en torno a seis bloques fundamentais do mundo clásico: a xeografía e a historia, a arte, a mitoloxía, a sociedade e vida cotiá, a lingua e literatura e a perduración na actualidade; en relación con cada un deles empregaremos xeitos distintos de abordar os diferentes obxectivos:

Bloque 1: XEOGRAFÍA E HISTORIA

Neste bloque intentaremos describir a grandes trazos o marco xeográfico no que se desenvolveron as culturas de Grecia e Roma, delimitando o ámbito de influencia de cada unha delas, e ubicando con certa precisión os puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos máis coñecidos pola súa importancia histórica. Faise imprescindible traballar neste sentido con mapas históricos en papel ou en liña onde estudar eses aspectos determinantes do marco xeográfico que permitirán comprender aos alumnos as circunstancias que xustifican o apoxeo destas civilizacións grega e romana e que poden explicar os factores que xustifican esta relevancia.

Analízanse aquí os principais fitos da historia de Grecia e Roma, situando o marco histórico no que se desenvolveron estas civilizacións dentro dun eixe cronolóxico; é importante que os alumnos identifiquen as circunstancias que orixinaron estes fitos, quen foron os principais actores e cales as súas consecuencias ao tempo que se lles mostra a influencia na nosa historia. Será moi importante incidir no recoñecemento do mundo antigo como precursor das formas democráticas de goberno na actualidade; debe ser destacada a importancia do xurdimento da democracia como forma de organizar o goberno, partindo da organización do modelo ateniense, verdadeira orixe da idea democrática e da igualdade dos cidadáns ante a lei.

Bloque 2: MITOLOXÍA

Neste apartado faremos una aproximación á relación do home coas divindades no mundo antigo, intentando comprender os mitos clásicos como explicación dos fenómenos da natureza e da existencia ao mesmo tempo que aceptamos e valoramos elementos relixiosos grecolatinos como elementos da nosa cultura (tradicións, literatura, arte...); abordaremos o estudo da mitoloxía grecolatina dun xeito que nos permita o coñecemento dos deuses e deusas máis importantes do panteón clásicos e daqueles mitos que foron máis fecundos para as artes e, en xeral, para toda a cultura occidental. Levaremos a cabo pequenos traballos de investigación que nos revelen os cadros xenealóxicos coas relacións de parentesco entre os personaxes mitolóxicos (divindades, heroes, monstros) utilizando diversas fontes de información para que o alumnado se afaga a traballar con elas; así mesmo proxectaremos pequenos fragmentos de filmes, documentais e imaxes que nos permitan afondar nos mitos estudados nas clases.

Bloque 3: ARTE

Coñecer as características esenciais da arte clásica é o punto de partida para entender a relación das manifestacións artísticas actuais cos modelos clásicos e valoralas na súa xusta medida; téntase que os alumnos, a vista de imaxes de aquelas obras máis significativas da escultura e a arquitectura grega e romana, identifiquen a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía, ao tempo que comprenden a súa influencia en modelos posteriores.

Bloque 4: SOCIEDADE E VIDA COTIÁ

No apartado de sociedade, cómpre tratar diversos aspectos relevantes da cultura grecorromana que están vixentes hoxe en día na nosa cultura actual: a a organización política e social, os mundos feminino e masculino, a familia e os seus roles, os espectáculos públicos, as formas de lecer, a vivenda, a a hixiene, a alimentación, a vestimenta, o traballo.. Será moi importante incidir no recoñecemento do mundo antigo como precursor das formas democráticas de goberno na actualidade; debe ser destacada a importancia do xurdimento da democracia como forma de organizar o goberno, partindo da organización do modelo ateniense, verdadeira orixe da idea democrática e da igualdade dos cidadáns ante a lei.

Bloque 5: LINGUA E LITERATURA

A toma de conciencia do valor das linguas clásicas lévanos a investigar sobre aspectos tan interesantes como a historia da escritura, a orixe do alfabeto, a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguindo as romances das no romances, o léxico grecolatino na linguaxe común e na científico-técnica, as regras de evolución do latín ao galego e o castelán, as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior e como base literaria da cultura europea e occidental.

BLOQUE 6: PERDURACIÓN NA ACTUALIDADE

Este bloque lévanos a recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais desde o ámbito da organización social e política, os usos e costumes da sociedade, o mundo da arte, a mitoloxía, ata as pegadas da cultura romana e a perduración da civilización clásica na nosa contorna; isto reflectirase no alumnado para que, identificando prexuízos e estereotipos, sexa quen de adoptar actitudes de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultura, histórica e lingüística, comprendendo as súas propias raíces para reflexionar e comprender a súa propia idiosincrasia.

Resumiremos agora e de xeito abreviado as distintas metodoloxías educativas que pretendemos empregar. Para lograr que teñan éxito, é fundamental a variedade nas actividades, a referencia reiterada a contidos anteriores e actuais e a inclusión na súa xusta medida do compoñente lúdico. Este poder á abordarse establecendo relacións entre os contidos tratados e situacións de actualidade.

- Lecturas de textos clásicos ou referidos ao mundo grecorromano (fragmentos de obras orixinais, adaptacións, textos historiográficos, etc.) para traballar transversalmente a comprensión lectora e que ilustren os temas que se tratarán.
- Incentivar a participación na aula do alumnado a través da expresión de ideas e reflexións, facendo especial fincapé no desenvolvemento da capacidade comunicativa en público.
- Uso das tecnoloxías informáticas para a busca de información como ferramenta de traballo, consulta e exercicio interactivo, propiciando con iso o afondamento nas técnicas de investigación, procura, selección e presentación da información tanto de forma oral como escrita ou visual.
- Recursos como a cartografía e a elaboración de eixes cronolóxicos tanto en formato papel como mediante recursos en liña, aplicacións que permiten percorridos virtuais polas localizacións máis destacadas do mundo grecorromano e visualizar vídeos sobre os contidos referidos especialmente ao primeiro bloque, así como dos lugares de culto marcados por unha contorna xeográfica moi particular e grazas a iso poder á conectarse a xeografía coa arqueoloxía, a relixión ou a mitoloxía, especialmente no caso do mundo grego.
- O tratamento do léxico e dalgúns temas de legado permitirános achegarnos a materias do eido científico como Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas, Tecnoloxía, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais na Aula Virtual elaborados polos departamentos de Latín e Grego.
Mapas históricos de Grecia e Roma en soporte papel e dixital (http://interclassica.um.es/divulgacion/mapas/atlas ; e outros).
Diccionario de mitoloxía grega e romana, de P. Grimal.
Documentais e vídeos na rede sobre aspectos concretos do mundo clásico.
Libros visuais sobre o mundo antigo procedentes dos fondos da biblioteca do centro.
Películas, cortos e series sobre o mundo clásico; propostas cinematográficas que abordan o tema desde a ficción e a non ficción.
Recursos na rede: páxinas web sobre recursos didácticos, páxinas web de museos de arte grega e romana e pinacotecas do mundo con amplas coleccións de pintura e escultura mitolóxica.
Ordenador e canón na aula
Caderno do alumnado e miniportátil persoal

Apuntamentos en fotocopias proporcionados polo Departamento ao alumnado.

Utilizaremos na aula os materiais colgados na Aula Virtual e a mesmo tempo o alumnado poderá utilizar o minipórtatil se utilice para facer algunha actividade ou exercicio e unha búsqueda puntual in internet; faremos igualmente uso do material da aula Virtual facilitado en fotocopias ao alumnado, se así o desexa. Temos á nosa disposición na aula unha pantalla multitarea que permite ser usada como encerado e, ao mesmo tempo, con acceso a internet.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Aínda que se trata dunha materia que o alumnado non cursou con anterioridade, hai que considerar o posible alumnado repetidor e os coñecementos previos sobre o mundo grecorromano que poidan ter adquirido en cursos previos noutras materias como Xeografía e Historia ou materias lingüísticas. Por esta razón e para adecuar as explicacións ao nivel de coñecementos da clase, levaremos na primeira semana unha proba escrita de diagnóstico con cuestións xerais diversas referidas a coñecementos sobre historia de Grecia e Roma, mitoloxía grecorromana e expresiones actuais que teñen a súa orixe no mundo grecolatino.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	10	10	8	8	8	8	8	8
Proba escrita	80	80	70	75	50	60	40	100	100	80
Táboa de indicadores	20	20	30	25	50	40	60	0	0	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	6	100
Proba escrita	75	0	69
Táboa de indicadores	25	100	31

Criterios de cualificación:

Haberá unha proba escrita en cada avaliación, determinada pola Xefatura de Estudos do centro, que constituirá o 50% da nota da avaliación. O restante 50% será aportado por traballos e actividades, escritos e/ou orais, individuais ou en grupo, que versarán sobre os temas das unidades didácticas traballadas durante cada trimestre, tanto na casa como na aula.

As notas das avaliacións sempre serán redondeadas á alza cara ao seguinte número enteiro a partir da décima 5, é dicir, 6,49 será 6 e o 6,50 redondéase a 7.

A nota final será a media aritmética das tres avaliacións

Cráterios de recuperación:

Os alumnos que non superen unha avaliación realizarán durante a seguinte avaliación as actividades que lles indique a profesora e deberán realizar unha proba escrita de recuperación, que suporá o 50% da nota, sendo o outro 50% as actividades realizadas.

Cando un alumno non obteña unha cualificación de 5 ou máis na avaliación ordinaria, deberá realizar as actividades de recuperación deseñadas polo departamento e encamiñadas a preparar a proba extraordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O principal obxectivo deste procedemento é a recuperación das aprendizaxes non adquiridas e irá dirixido ao alumnado que promocióne sen superar a materia, seguindo o artigo 51 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan de reforzo para ese alumnado. Deseñaranse programas de reforzo individualizados para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, proporcionando boletíns de exercicios e probas escritas en datas determinadas pola Xefatura de estudos conforme a un calendario de Pendentes.

A nota será produto da media aritmética das notas obtidas nas probas escritas propostas durante o curso (parciais); se a suma das notas obtidas nos parciais de Pendentes é 5 ou superior a 5, a materia quedará aprobada. En caso contrario, o alumno ou alumna ten a oportunidade de presentarse a unha proba final, en data determinada pola Xefatura de Estudos.

6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, seguindo o artigo 52 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan específico personalizado para este alumnado.

Sendo a Cultura Clásica unha materia optativa, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos. Neste sentido tomaranse medidas como:

- Concreción e disposición secuencial de obxectivos.
- Metodoloxías que favorezan a participación de todo o alumnado: aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe seguida de cerca polo titor, maior participación, combinación de actividades (individual, por grupos, exposición, investigación, etc.), aprendizaxe autónoma, etc.
- Diversificar procedementos de avaliación.
- Reforzar valores e determinadas capacidades de tipo emocional.
- Reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor. Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.

- É fundamental e accesible tamén o reforzo da lectura comprensiva na nosa materia.
- Outras medidas como a ampliación e afondamento para alumnado que o requira, recuperación, reforzo, adaptacións, etc.

É posible que polas circunstancias persoais, sociais ou culturais dalgún alumno ou alumna sexa necesaria unha adaptación curricular significativa, o que implicará modificacións de elementos de prescrición do currículo como os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, mesmo no que se refire a concrecións metodolóxicas, aínda que esta medida só se tomará despois de explorar todas as posibilidades ordinarias. A adopción deste proceder será autorizada por Inspección Educativa e tras este paso decidirse que elementos do currículo deberán ser modificados. Nestes casos, a avaliación axustarase aos criterios individualizados establecidos na adaptación curricular, tendo sempre como referente os obxectivos da etapa á hora da promoción.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos:

- alumnado con altas capacidades intelectuais.
- alumnado con necesidades educativas especiais.
- alumnado con integración tardía no sistema educativo.
- alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso.

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, o departamento preparará e entregarlles un material de apoio para traballar durante as fins de semana e períodos de vacacións. Este material (que se elaborará determinando aqueles aspectos que o alumno non consegue facer, os contidos que hai que traballar e a metodoloxía que hai que utilizar) deberao presentar rematado á volta do período vacacional. Durante a clase poderán resolverse as súas dúbidas mentres o resto de compañeiros prepara outra actividade. O tipo de traballo que se preparará obedecerá a unha ampla gama de exercicios e actividades, estruturada da seguinte forma:

- exercicios previos para comprender mellor a materia.
- exercicios prácticos variados para desenvolver os contidos necesarios.
- exercicios de repaso daqueles coñecementos menos adquiridos.

Do mesmo xeito, ao alumnado que amose un especial interese, procurarase entregarlle material (todo tipo de recursos materiais e recursos en rede) para ofrecerlle a posibilidade de profundar en aspectos concretos do programa de contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.						X		
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X			X	X		X
ET.7 - A educación emocional e en valores.						X		X
ET.8 - A igualdade de xénero.			X		X	X	X	
ET.9 - A creatividade.			X	X				

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.10 - A educación para a paz.		X			X			
	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12				
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X				
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X				
ET.3 - A comunicación audiovisual.								
ET.4 - A competencia dixital.	X		X					
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.								
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.			X					
ET.7 - A educación emocional e en valores.				X				
ET.8 - A igualdade de xénero.			X	X				
ET.9 - A creatividade.	X		X					
ET.10 - A educación para a paz.								

Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, a xustiza, a igualdade, ao pluralismo político, a paz e a democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

A comprensión lectora, así como a expresión escrita están presentes en todas as unidades de modo fundamental nunha materia como a Cultura Clásica.

A comunicación audiovisual se desenvolve en unidades que van desde a xeografía, a historia, a sociedade, a política ata arte clásica e os espectáculos públicos.

A competencia dixital ten cabida en practicamente todas as unidades, dada a súa enorme importancia para o alumnado, facendo fincapé na necesidade de ter sempre en conta a importancia do fomento do espírito crítico e científico e sempre co respecto á propiedade intelectual e os dereitos de autor.

A igualdade de xénero será un dos eixes máis importantes no desenvolvemento dos temas de Sociedade e a Mitoloxía gregas pola importancia que cómpre darlle ao papel das mulleres no mundo grego antigo, a importante presenza de deusas e heroínas, establecendo unha visión crítica e construtiva en paralismo co mundo actual; fomentarse sempre o respecto nas ocasións de debate favorecendo o trato de igualdade e cooperación entre alumnos e alumnas.

A creatividade será fundamental no tratamento de unidades como a Mitoloxía, a Arte grecorromana e a Literatura.

A educación para a paz terá moita importancia no tratamento do tema da Política e a Sociedade, analizando o enfrontamento permanente das cidades-estado que desembocou na gran conflagración da Guerra do Peloponeso, e na importancia da aparición da democracia en Atenas, así como o desenvolvemento dos distintos periodos da historia de Roma.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao xacemento romano e centro arqueolóxico de Caldoval, no concello de Mugardos (A Coruña)	Coñecemento in situ de parte dunha villa marítima romana cunhas unhas instalacións termas e deportivas que recrean a o proceso de saúde e práctica do deporte na época romana, concretamente entre os séculos I e II d. C.			

Observacións:

Algunha outra actividade como asistencia a exposicións, charlas ou acontecementos que poidan xurdir durante o curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1 As aprendizaxes acadadas polo alumnado: Éxito académico (porcentaxe de aprobados) ESO: B >= 90%, 75 <= A < 90%, M < 75%
2 O desenvolvemento da programación: Programación impartida B= 100%, 75 <= A < 100%, M < 75%

3 Grao de satisfacción do alumnado (medirase a través dun cuestionario anónimo)

Descrición:

O documento de "Avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente" do IES As Telleiras, que debe cubrir o profesorado ao remate de cada avaliación, mide os dous primeiros indicadores de logro aquí sinalados; logo de enviado, nas sucesivas reunións da Comisión Pedagóxica lévase a cabo trimestralmente unha análise en común con todo os departamentos e a Dirección do centro dá conta dos resultados acadados.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarase nas reunións que o Departamento celebra, como mínimo cada mes, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025268	IES As Telleiras	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Grego I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	31
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua grega. - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións. - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
11	Sintaxe II: oración de relativo	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realiza traducións de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección, identificando e analizando elementos da subordinación e da oración de relativo.	PE	70
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisa e emenda elementos da subordinación e da oración de relativo nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistra os progresos e dificultades de aprendizaxe de elementos da subordinación e da oración de relativo, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros no que respecta á subordinación e á oración de relativo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realiza a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega e asimilando os aspectos da subordinación e da oración de relativo.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planifica e participa en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando correctamente elementos da subordinación e da oración de relativo.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua grega. - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.

Contidos

- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
12	Vocabulario e etimoloxía	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Interpreta textos e realizar traducións directas escollendo os significados axeitados para cada termo valorando as coincidencias con outras linguas.	PE	80
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes, cando se considere necesario.	Selecciona os significados apropiados en cada texto utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes, cando se considere necesario.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisare emenda de maneira progresivamente autónoma as traducións, realizando propostas de mellora.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistra os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redacta en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara utilizando o vocabulario apropiado.		
CA1.9 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Atopa e explica semellanzas de vocabulario entre as diversas linguas coñecidas polo alumnado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deduce o significado etimolóxico de vocabulario de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando raíces e formantes gregos coñecidos.		
CA2.2 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explica a relación do grego clásico con outras linguas, especialmente co grego moderno, a través de elementos como o vocabulario e os neoloxismos.		
CA2.4 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización e a cultura grega como fonte de inspiración.	Creatextos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes, utilizando o vocabulario apropiado.		
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investiga os elementos do patrimonio herdado da civilización grega relacionados co vocabulario e a etimoloxía.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realiza a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando os significados e os aspectos léxicos, comparándoos cos das linguas do repertorio lingüístico propio.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica.	Extrae, analiza e reflecte oralmente e/ou por escrito, en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude utilizando o vocabulario apropiado.	TI	20
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planifica e participa, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia utilizando o vocabulario apropiado.		
CA2.3 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identifica prexuízos e estereotipos con respecto ao léxico, adoptando actitudes de respecto e valorando a diversidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.
- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.
- Influencia do grego na evolución da lingua de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.
- Léxico.
- Procedementos básicos de composición e derivación na formación de palabras gregas.
- Lexemas, sufixos e prefixos de orixe grega no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica nos léxicos especializados doutros campos.
- Significado e definición de palabras de uso común na lingua de ensino a partir dos seus étimos gregos nas linguas repertorio lingüístico do alumnado; reflexión sobre significado etimolóxico e significado semántico.
- Importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade.
- Técnicas básicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia.
- Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Aproximación aos termos e expresións máis usuais de uso frecuente do grego moderno.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - estudantes de grego no ámbito transnacional. - A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.

UD	Título da UD	Duración
13	Legado grego	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Atopa e explica elementos lingüísticos do grego nas linguas modernas, utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	PE	60
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investiga o patrimonio herdado da civilización grega e sinalar elementos necesarios para a súa preservación e utilización axeitada.		
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, os modos de vida, as institucións e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Coñece, explica e relaciona os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais.		
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investiga o legado da civilización grega facendo unha busca, selección e reelaboración axeitada e respectuosa da información.		
CA4.6 - Explorar o legado grego na contorna do alumnado a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os resultados a través de diferentes soportes.	Explora o legado grego na contorna do alumnado, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre os seus distintos usos e presentando os resultados a través de diferentes soportes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identifica prexuízos e estereotipos lingüísticos nas linguas que conforman o repertorio propio, adoptando actitudes de respecto e valorando a diversidade.	TI	40
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Defende e argumenta axeitadamente a postura escollida ou asignada sobre a importancia do legado grego na nosa sociedade.		
CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	Analizar obras de arte dadas e identificar e explicar o legado da civilización grega como fonte de inspiración.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Influencia do grego na evolución da lingua de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado. - Léxico. <ul style="list-style-type: none"> - Importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade. - Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan. - Aproximación aos termos e expresións máis usuais de uso frecuente do grego moderno. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional. - Influencias da cultura grega na civilización latina. - A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental. - Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia). - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura. - A importancia do discurso público para a vida política e social. - Conceptos de legado, herdanza e patrimonio. - A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais. - Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración. - As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade. - As competicións atléticas e a súa persistencia na actualidade. - As institucións políticas gregas, a súa influencia e persistencia no sistema político actual. - A educación na antiga Grecia: os modelos educativos de Atenas e Esparta e a súa comparación cos sistemas actuais. - Principais obras artísticas da Antigüidade grega.

Contidos

- Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Grego, como a de Latín, ten unha serie de elementos que obrigan a facer un uso amplo e diverso de metodoloxías. Por unha banda, a lingua grega é iso, unha lingua, o que supón o emprego de metodoloxías propias da aprendizaxe de calquera outra lingua que permitan a adquisición de destrezas, como son a expresión oral e escrita e a comprensión oral e escrita, ademais da interacción oral. Faise evidente que unha materia como o Grego no curso de 1º de Bacharelato, pola novidade que supón para os alumnos e alumnas, obriga a introducilos progresivamente no coñecemento da nova lingua, familiarizándoos desde o principio cos elementos básicos: o alfabeto grego (escritura e pronunciación das letras), os signos de acentuación e puntuación e a transcripción ao galego e castelán. Isto haberá de conseguirse con repetidos exercicios prácticos na aula e en casa que reforzarán as explicacións teóricas previas desenvolvidas na clase ata adquirir práctica e soltura.

A consideración das linguas clásicas como linguas mortas propiciou nos últimos dous séculos a consolidación dunha metodoloxía moi particular de aprendizaxe, baseado nun profundo coñecemento gramatical e na utilización constante de glosarios ou dicionarios para poder entender os textos a través da tradución dos textos gregos cara á lingua propia.

Por outra parte, cómpre considerar que o currículo conta tamén cun importante grupo de contidos non lingüísticos relacionados coa xeografía, historia, sociedade, relixión e legado para os cales hai que utilizar unha metodoloxía ben diferente.

METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES CON CONTIDOS NON LINGÜÍSTICOS.

O obxectivo desta materia non é exclusivamente introducir aos alumnos de primeiro de Bacharelato no coñecemento da lingua grega, senón tamén da súa cultura e civilización; non podemos esquecer que o valor formativo do Grego no Bacharelato deriva da súa dobre condición de modelo lingüístico e cultural; de acordo con isto, no debemos descoidar que o Grego 1º de Bacharelato é para os alumnos un momento importantísimo de contacto co legado que o mundo grego clásico supuxo como contribución á cultura europea occidental, polo que é obrigado proporcionarlles un bo camiño para lograr un afondamento nos sinais de identidade que seguen sendo relevantes nos nosos días; de aí a importancia de dar un papel fundamental á explicación e posta en común dos temas de cultura e civilización que foron expostos no apartado de Contidos. Para levar a cabo este fin non hai mellor instrumento que a lectura das obras clásicas, completas ou fragmentos seleccionados delas, ou de monografías sobre aspectos históricos ou culturais da Grecia clásica o comentario de textos que fagan referencia aos contidos estudados.

As clases de grego serán fundamentalmente prácticas, con exercicios de diverso tipo, en función dos distintos contidos impartidos ao longo do curso, co fin de poñer en práctica os coñecementos adquiridos mediante as explicacións da profesora na clase; ditas explicacións, principalmente aquelas de carácter lingüístico, terán como referencia non só a lingua grega estudada na aula, senón que abarcarán tamén linguas modernas que emprega habitualmente o alumnado, para acadar unha integración dos seus coñecementos e unha reflexión crítica fundamentada sobre os mesmos. a profesora valorará e estimulará a participación activa, voluntaria e continua de todo o alumnado nas clases, pois entende que é a mellor maneira de progresar, especialmente nos contidos de tipo lingüístico e na interpretación e tradución de textos.

METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES CON CONTIDOS LINGÜÍSTICOS.

A metodoloxía habitual nesta aproximación parte da explicación gramatical e sintáctica por parte do persoal docente, para pasar despois á elaboración de exercicios nos que se exemplifica ou reforza os coñecementos adquiridos.

As exposicións teóricas da morfoloxía nominal e verbal así como o estudo da sintaxe grega haberán de ser intimamente combinadas coa realización diaria de exercicios prácticos, de tal maneira que o alumnado vexa así favorecido o seu progreso de aprendizaxe e asimilación de contidos. Conseguir este obxectivo obriga por igual á profesora e ao alumnado na tarefa común do curso; a primeira porque deberá implicarse directamente na tarefa de ensinanza-aprendizaxe dos contidos xa expostos, intentando resolver constantemente as dificultades que poden xurdir e valorando os progresos adquiridos por todos e cada un dos alumnos. Os alumnos e alumnas, pola súa parte, deberán implicarse no seu propio proceso de aprendizaxe para o cal resulta imprescindible o traballo persoal e diario, que contará co permanente estímulo do profesorado co fin de acrecentar neles a confianza en superar as dificultades que a materia poida presentar. Estes exercicios serán corrixidos a cotío na aula polos propios alumnos baixo a supervisión da profesora, que poderá ir apreciando deste modo os niveis de asimilación dos contidos explicados e

axeitando o ritmo e os procedementos de explicación ás demandas xerais ou específicas do alumnado. Aínda cando se teña acadado un coñecemento elemental e básico dos paradigmas nominais e verbais da lingua grega mediante a tradución e análise de frases e textos de progresiva dificultade, segue sendo tarefa da profesora controlar e avaliar en todo momento a evolución de cada alumno en particular e do grupo en xeneral, intervindo en toda ocasión en que se detecten dificultades.

Tamén é necesario favorecer a interdisciplinabilidade. Os contidos desta materia son afíns, en primeiro lugar, aos da Lingua latina, aspecto a ter moi en conta para aclarar dúbidas e conceptos dunha con referencia á outra, e por iso mantense unha fluída comunicación co Departamento de Latín do centro. Igualmente estaremos en contacto co profesorado das áreas das Linguas para todo o referente á análise morfosintáctica, comentario de textos ou aclaración de conceptos inherentes aos diversos xéneros literarios e co Departamento de Xeografía e Historia no que atinxe a temas de institucións políticas, formas de organización social e económica e, así como a evolución dos estilos e as formas artísticas.

Normalmente, para alixeirar a acumulación dos contidos gramaticais, ás veces áridos, inclúense nas unidades didácticas aspectos doutros bloques de contidos que poidan introducir certa variedade.

Cómpre promover a capacidade de autoaprendizaxe, de traballo en equipo e aplicación dos métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida. Os textos, de graduada dificultade, serán o punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos morfosintácticos da lingua grega, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados. O feito mesmo de que os grupos de Grego sexan sempre reducidos respecto ao número de alumnado de 1º Bacharelato en xeral, desenvolve, sen dúbida algunha, un clima de participación e interrelación activa no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A realización de pequenos traballos de investigación facendo uso das ferramentas das TIC axudará a informarse, aprender e comunicarse e utilizar consentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto GREGO 1º e 2º Bacharelato, de José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde de Cal Cortina, Baía Edicións (A Coruña), en lingua galega.
Aula Virtual do Departamento de Grego do centro onde se recollen materiais e actividades que axudan a unha mellor comprensión da materia, ao tempo que amplían e enriquecen os contidos explicados na aula.
Mapas históricos da Grecia antiga en soporte papel e dixital (http://interclassica.um.es/divulgacion/mapas/atlas e outros).
Textos de autores da literatura clásica grega en versión bilingüe ou adaptados de diferentes xéneros literarios (épica, lírica, teatro, novela, historiografía, oratoria...), en edicións impresas e/ou online.
Documentais e vídeos na rede sobre aspectos concretos da xeografía, historia e arte de Grecia.
Películas, cortos e series sobre a Grecia antiga, propostas cinematográficas que abordan o tema desde a ficción e a non ficción.
Recursos na rede: páxinas web sobre a orixe das linguas e os alfabetos e escrituras do mundo (http://www.proel.org , e outras), sobre recursos didácticos (http://aliso.pntic.mec.es ; https://almacendeclasicas.blogspot.com/ ; https://sites.google.com/view/chironweb/ ...
Páxinas web de museos de arte grega (Museo da Acrópole, Museo Arqueolóxico de Atenas, British Museum de Londres...), e pinacotecas do mundo con amplas coleccións de pintura mitolóxica: Museo del Prado, Museo del Louvre, Galleria degli Uffizi...).
Diccionario Grego-Español, Editorial Vox.
Diccionario de mitoloxía grega e romana, de Pierre Grimal, Editorial Paidós.

LIBRO DE TEXTO

- José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde de Cal Cortina: Grego Bacharelato. Baía edicións (Consortio editorial galego), A Coruña, 2017. Libro para Grego I e II editado en galego e cun enfoque gramatical. Conta con numerosos e

variados exercicios e cunha perspectiva moi práctica para a parte dos contidos culturais.

OUTROS RECURSOS

Estes recursos tan diversos contribúen, por un lado, a afianzar e enriquecer os contidos aprendidos, como no caso do libro de texto, dos materiais na Aula Virtual, dos dicionarios, dos recursos na rede sobre aspectos gramaticais, das lecturas de textos clásicos, así como a trasladar ao noso alumnado a outras realidades históricas permitindo un achegamento máis lúdico e distendido a temas que, doutra forma, poderían parecer máis complexos; de aí o interese en facer uso da linguaxe audiovisual e as pantallas que nos fan máis doado presentar aos estudantes contidos en clase dunha forma diferente: o cine e os documentais son unha ferramenta indispensable hoxe na clase de Grego e, aínda que ás veces as películas non son historicamente exactas de todo, poden ser de moita utilidade para plantexar interesantes preguntas e debates sobre aspectos controvertidos desta civilización.

A lectura de textos clásicos gregos de diferentes épocas e xéneros, contextualizados axeitadamente, permitirán afianzar conceptos e termos básicos do grego promovendo con iso un coñecemento léxico e cultural e unha lectura crítica que identifica o porqué do seu valor como clásicos para a cultura occidental.

O patrimonio é o legado cultural que recibimos do pasado, que vivimos no presente e que transmitiremos ás xeracións futuras; por este motivo a consulta de páxinas webs de museos e sitios arqueolóxicos do mundo grego con fondos de pintura, escultura e arquitectura permite ao alumnado un achegamento visual á cultura e civilización e incentiva o compromiso de conservación e preservación respectuosa das pegadas do pasado como testemuños da historia

e memoria colectiva, e, ao mesmo tempo, identifica o potencial cultural das sociedades contemporáneas onde o patrimonio es fonte de inspiración para a creatividade e a innovación que xeraron no pasado produtos culturais e seguirán a xerar outros contemporáneos e futuros.

De aí a importancia do recurso das páxinas webs de museos e pinacotecas con coleccións de mitoloxía grega para comprobar a eterna fonte de inspiración ao longo de toda a Historia da Arte.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante a primeira semana de clase levaremos a cabo unha avaliación inicial consistente nun cuestionario escrito que incluírá exercicios de sintaxe e preguntas sobre historia e outros aspectos da civilización grega; así mesmo levaremos a cabo un diálogo informal co alumnado os primeiros días de clase.

Esta avaliación inicial pretende os seguintes obxectivos:

1. Saber que alumnado cursou Cultura Clásica na ESO e/ou Latín de 4.º de ESO.
2. Coñecer as motivacións do alumnado para a escolla da materia de Grego I.
3. Valorar o coñecemento e o os prexuízos que o alumnado ten do mundo e cultura helénica en xeral.
4. Determinar os coñecementos do alumnado sobre morfoloxía e sintaxe; con isto, antes de comezar o estudo dos casos e as súas funcións sintácticas na lingua grega, detectaremos a necesidade dun repaso de conceptos básicos de sintaxe e unha posta en común da terminoloxía lingüística.
5. Determinar o grao de dominio da ortografía e a expresión escrita.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	4	10	6	6	4	10	10	10	8	8
Proba escrita	100	60	70	60	80	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	0	40	30	40	20	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	10	6	100
Proba escrita	70	80	60	70
Táboa de indicadores	30	20	40	30

Criterios de cualificación:

En cada avaliación haberá dúas probas escritas, a primeira valerá un 50% e a segunda un 50%. Ditas probas constituirán o 80% da nota da avaliación e o restante 20% será aportado por traballos e actividades de diverso tipo, que consistirán en exercicios de análise morfosintáctico, tradución de textos de gradual dificultade, de práctica de etimoloxía e helenismos e de investigación sobre aspectos puntuais dos temas de contido non lingüístico.

As notas das avaliacións serán sempre redondeadas á alza a partires do 0,5.

A nota final será a media ponderada das tres avaliacións, co seguinte peso cada unha delas:

1ª avaliación, o 25%

2ª avaliación, o 35%

3ª avaliación, o 40%

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non supere unha avaliación levará a cabo durante a avaliación seguinte un conxunto de actividades indicadas pola profesora e unha proba escrita de recuperación; a nota da recuperación será a media ponderada das actividades (un 20%) e a proba escrita (un 80%).

No caso de que un alumno ou alumna non obtivese unha cualificación de 5 ou máis de 5 na avaliación ordinaria, terá que desenvolver as actividades de recuperación que deseñará o departamento e que teñen como fin preparar a proba extraordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non se requiren.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non se requiren.

6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

O feito de ser o Grego I unha materia de opción de modalidade que o alumnado escolle de forma voluntaria, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar (alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso), logo da avaliación inicial e ao longo do curso, sempre seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, adoptaranse medidas segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a para o seu correcto desenvolvemento:

Así mesmo, estableceranse as medidas oportunas para os alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. De igual xeito, buscarase a localización mais idónea na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, ao lado de compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda; en todo caso, a posta en práctica destas medidas ou de calquera outra non relacionada anteriormente deberá facerse baixo a supervisión e en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o resto do equipo docente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X			
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.				X				
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.				X	X			
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X		X	X	X			
ET.10 - A educación para a paz.	X		X	X	X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.					X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.					X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.					X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.				X	X
ET.10 - A educación para a paz.					X

Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar o respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, á xustiza, á igualdade, ao pluralismo político, á paz e á democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

Traballaremos na aula a comprensión lectora durante todas as clases, mediante a lectura, análise e tradución de textos en grego, pero tamén acudindo á lectura e análise en común de textos en castelán e galego relacionados cos contidos da nosa materia; intimamente relacionada con ela está a expresión oral e escrita, que centrará constantemente o desenvolvemento das clases coa participación de todo o alumnado.

Tanto a competencia dixital, o fomento do espírito crítico e o emprendemento social e empresarial traballaranse a través da elaboración de pequenas tarefas que requirirán que o alumnado estea en contacto co mundo dixital para enriquecer os formatos teóricos poñéndoo en relación co mundo cos rodea e estimulando a crítica construtiva na valoración do mundo grego antigo e o mundo actual, sempre da man do fomento da creatividade tanto nas actividades de tradución como en calquera outra tarefa que se proponga.

A igualdade de xénero será un dos eixes máis importantes no desenvolvemento dos temas de Sociedade e a Mitoloxía gregas pola importancia que cómpre darlle ao papel das mulleres no mundo grego antigo, a importante presenza de deusas e heroínas, establecendo unha visión crítica e construtiva en paralismo co mundo actual; fomentarse sempre o respecto nas ocasións de debate favorecendo o trato de igualdade e cooperación entre alumnos e alumnas.

A educación para a paz terá moita importancia no tratamento do tema da Política e as institucións gregas, analizando o enfrontamento permanente das cidades-estado que desembocou na gran conflagración da Guerra do Peloponeso, e na importancia da aparición da democracia en Atenas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1 Viaxe cultural a Roma	Viaxe cultural a Roma organizado polos Departamentos de Latín e Grego en colaboración coa Vicedirección do centro co alumnado de 1º Bacharelato previsiblemente no 2º ou 3º trimestre.			

Observacións:

Asistencia a algunha outra actividade como exposicións, charlas ou acontecementos que poidan xurdir durante o curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1 As aprendizaxes acadadas polo alumnado: Éxito académico (porcentaxe de aprobados) Bacharelato: B >= 70%, 50 <= A < 70%, M < 50%

2 O desenvolvemento da programación: Programación impartida B= 100%, $75 \leq A < 100\%$, $M < 75\%$

3 Grao de satisfacción do alumnado (medirase a través dun cuestionario anónimo)

Descrición:

O documento de "Avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente" do IES As Telleiras, que debe cubrir o profesorado ao remate de cada avaliación, mide os dous primeiros indicadores de logro aquí sinalados; logo de enviado, nas sucesivas reunións da Comisión Pedagóxica lévase a cabo trimestralmente unha análise en común con todos departamentos e a Dirección do centro dá conta dos resultados acadados.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que a docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

Ao remate de cada avaliación e ao remate do curso, teranse en conta os indicadores de logro incluídos na programación; de detectarse resultados negativos nalgúns dos indicadores, procederase a valorar a situación e, deste xeito, cómpre tomar as medidas máis adecuadas para modificar esa situación, de tal maneira que se poidan introducir cambios necesarios na programación para o vindeiro curso coa finalidade de acadar mellores resultados.

A programación, nos puntos que se estime, revisarase nas reunións que o Departamento celebra, como mínimo cada mes, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións.

9. Outros apartados